



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DA COMARCA DE VERÍN PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES O CENTRO OCUPACIONAL DE VERÍN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, (P.A. disposición adicional 1ª do decreto 176/2015, de 3 de decembro) a directora de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos da Comarca de Verín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do programa de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións que a Fundación para a Protección dos Discapacitados Psíquicos da comarca de Verín ten previsto desenvolver durante o ano 2019 para a realización de actividades no Centro Ocupacional de Verín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos da Comarca de Verín é unha entidade de iniciativa social que ten como finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade psíquica para acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



a. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

